



CONCELLO DE REDONDELA

Nº 3/2015

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO

O DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2015

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, de ser o caso, das actas das sesións números 1 e 2 de 2015 de datas 27/01/15 e 29/01/15 respectivamente
- 2 Dar conta de expedientes de modificación de crédito
- 3 Recoñecemento extraxudicial por importe de 6.213,53 €.
- 4 Aprobación definitiva do Regulamento Municipal do Servizo de Taxi no Municipio de Redondela
- 5 Constitución Comisión informativa especial para estudo e seguimento da elaboración do PXOM de Redondela
- 6 Cambio de uso do predio onde se sitúa a antiga escola de Cedeira de titularidade municipal
- 7 Resolución expediente de investigación da natureza xurídica dun tramo do camiño dos Esteiróns ou camiño das Sarnes, en Outeiro das Penas, Cesantes
- 8 Recurso de reposición interposto por AQUALIA UTE no expediente de responsabilidade patrimonial 05/2014
- 9 Actividades de control do pleno:
 - 9.1 Dar conta das resolucións de alcaldía
 - 9.2 Mocións
 - 9.2.1 Moción do grupo municipal do PsdeG-PSOE sobre o acceso ao tratamento de última xeración para as persoas doentes de hepatitis C
 - 9.2.2 Moción do grupo municipal do PP sobre o acceso aos tratamentos de última xeración para as persoas doentes de hepatitis C
 - 9.2.3 Moción do grupo municipal do PsdeG-PSOE sobre a comisión de seguemento das obras de ampliación da AP-9
 - 9.2.4 Moción do grupo municipal de AER sobre o regulamento das asignacións ou subvencións aos grupos políticos do pleno.
- 10 Solicitudes de comparecencia
- 11 Rogos e preguntas

Na Casa do Concello, ás vinte horas do Día vinte e nove de xaneiro de dous mil catorce, coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, Erminda Quelle Fernández, María Teresa París Blanco, Julio Alonso Monteagudo, Antonio Cabaleiro Millares, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Ana María Alonso Alonso, Arturo González Barbeiro, Cándido Vilaboa Figueroa, Eduardo José Reguera Ocampo, Leonardo Cabaleiro Couñago, Luís Alberto Orge Míguez, Antonio Vázquez Saco, Leticia González Guisande, José García Míguez, Cecilia Pérez Orge, Xoán Carlos González Campo e Alfonso Blanco Pérez, tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:



CONCELLO DE REDONDELA

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.

1. APROBACIÓN, DE SER O CASO, DAS ACTAS DAS SESIÓNS NÚMEROS 1 E 2 DE 2015 DE DATAS 27/01/15 E 29/01/15 RESPECTIVAMENTE

Dáse conta dos borradores das actas 1 e 2 de 2015.

Sometidos a votación os mencionados boradores, son aprobados nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER.).

2. DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Dada conta dos seguintes expedientes administrativos de modificación de crédito:

- Expediente MC 32/2014 gc 12-14 mediante xeración de crédito por importe de 30.351,35 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 31/12/2014
- Expediente MC 33/2014 tc 16-14 mediante transferencia de crédito por importe de 23.156,25 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 31/12/2014

A corporación queda informada dos expedientes administrativos de modificación de crédito anteriormente relacionados.

3. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL POR IMPORTE DE 6.213,53 €

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local da súa sesión de 20/02/2015

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitíu o preceptivo informe de carácter negativo de data 18 de febreiro de 2015 así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Vendo que nalgúns casos tal como establece o informe do Interventor que gastos correspondentes a anos anteriores foran facturados no ano 2014 foi como consecuencia do retraso na facturación dos terceiros.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 6.213,53 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2015:



CONCELLO DE REDONDELA

Terceiro	Data factura	Nº factura	Euros	Partida
Sociedade cultural O Viso	05/12/14	INT010/14	180,00 €	3341A22613
Serviocio cultura deporte e Recreación S.L.	30/11/14	234/71	733,93 €	3421A22609
Rosa Mª Castro Martínez	28/11/14	008/2014	316,46 €	2311D22624
Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A	05/11/14	FE143211594 59578	2.883,14 €	3421C47200
Instituto Pedro Florianí	16/01/15	Resolución	2.100,00 €	3421A22100

Votacións e ditame.-

A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e con votos a favor de tódolos partidos (4 do PP, 3 do PSG-PSOE, 1 do BNG e 1 da AER), estimaron oportuno ditaminar favorablemente a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación ordinaria, é aprobado por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER)

4. APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO MUNICIPAL DO SERVIZO DE TAXI NO MUNICIPIO DE REDONDELA

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Interior na súa sesión de 24/02/2015 que a continuación se transcribe:

“Dada conta da proposta do Presidente da Comisión Informativa de Interior, que transcrita di:

“Aprobado inicialmente polo Concello Pleno, na xuntanza celebrada o día 25 de setembro de 2014, o Regulamento Municipal Regulador do Servizo de Taxi no Municipio de Redondela.

Sometido ó trámite de información pública polo prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia o día 13 de outubro de 2014, ao obxecto de presentación de alegacións ou suxestións, presentáronse as seguintes:

- 1.- Presentada por D. David Armada Villegas, en representación de USAT (registro de entrada núm. 15259, de data 10.10.14).
- 2.- Presentada por D. Francisco Núñez Lago, (registro de entrada núm. 15901, de data 22.10.14).
- 3.- Presentada por D. Javier Bastos Devesa, en representación da Asociación Radio Taxi Redondela e a Asociación Os Viaductos, (registro de entrada núm. 16507, de data 30.10.14).
- 4.- Presentada por D. Pablo Ortega Alvarez, (registro de entrada núm. 16546, de data 30.10.14).
- 5.- Presentada por D. Juan Manuel Iriarte Fernández, (registro de entrada núm. 16954, de data 7.11.14).



CONCELLO DE REDONDELA

6- Presentada por D. Juan Manuel Gómez Soto, (registro de entrada núm. 16953, de data 7.11.14)

Examinadas as mesmas, esta Concellería ven en propoñer o seguinte:

PRIMEIRO.-

Aceptar a alegación presentada por D. Francisco Núñez Lago, D. Juan Manuel Iriarte Fernández, D. José Manuel Gómez Soto, D. Pablo Ortega Álvarez e D. Javier Bastos Devesa, en representación da Asociación de Radio Taxi e Asociación Os Viaductos, sobre o **apartado 2 do art. 39**, quedando redactado como segue:

En todo caso respetaranse os quendas de servizo no aeroporto regulados pola Xunta de Galicia, de modo que os vehículos que cada día presten servizo en tal lugar non poderán prestar servizos no mesmo día nas paradas do resto do Concello, a excepción do horario de 00:00 a 06:00h.

Aceptar a alegación presentada por David Armada Villegas, da Asoación U.S.A.T., sobre o **apartado 2 do art. 29**, quedando redactado da forma seguinte:

A publicidade exterior irá colocada na parte frontal inferior do vidro traseiro, de forma que non prexudique a visibilidade do condutor a través do espello retrovisor interior do vehículo. Poderáanse colocar tamén ao longo das portas traseiras.

Aceptar as alegacións presentadas pola Asoación Radio Taxi de Redondela e a Agrupación “os Viaductos, sobre os apartados e artigos seguintes, que quedaran redactados como se indica:

Apartado 3.- Artigo 17: Deberá concertar de maneira obrigatoria a correspondente póliza de seguros que cubrirá danos a viaxeiros ou a terceiros, con responsabilidade civil ata un mínimo de 50 millóns de euros.

Apartado 14.- Art. 20: Levarán un dispositivo luminoso na parte superior do vehículo, aprobado polo Concello, que reflexarán o tipo de tarifa que corresponda no momento, o letreiro de taxi e a luz verde de libre.

Art. 22: Os vehículos afectos ao servizo de taxi non poderán ter unha antigüidade superior a 12 anos a partir da súa primeira matriculación, quedando automaticamente suspendida a eficacia da licenza, en tanto non se solicite a adscripción dun novo vehículo

Art. 37:..Os/as condutores/as de vehículos taxi están obrigados a :

- a) Entregar ao viaxeiro o recibo do servizo prestado
- b) Axudar a subir e baixar do vehículo os viaxeiros que o necesiten en razón da idade, discapacidade ou estado de saúde
- c) Recoller a equipaxe do viaxeiro, poñelo no maletreiro e entregalo ao final do servizo
- d) Coidar o aspecto persoal e vestirse axeitadamente para o servizo
- e) Aumentar ou diminuír o volume da radio e outros dispositivos de audio e vídeo que pode ser instalado no vehículo, ou fóra deste mesmo, se o viaxeiro así o solicita.
- f) Permitir a apertura ou peche das fiestras da fronte ou de traseiras
- g) O respecto a elección do usuario sobre o uso de aire acondicionado ou control de temperatura
- h) Facilitar os pasaxeiros que o solicitan o Libro de Reclamacións.
- i) Entrar no interior do vehículo, ao final de cada servizo, para comprobar se o usuario ten esquecido calquera das súas pertenzas nela.
- j) Acenderán a luz interior pola noite, para facilitar a subida e baixada, e o pagamento do servizo.



CONCELLO DE REDONDELA

k) Durante a prestación do servizo, en ningunha ocasión e por ningún concepto, os condutores proferirán ofensas ou entablarán discusións que alteren a orde, xa sexa entre sí, cos pasaxeiros, ou co público en xeral.

l) Así mesmo, deberán respectar e admitir o uso do dereito de cooficialidade das linguas castelá e galega que fagan os usuarios, nas indicacións necesarias para o cumprimento do servizo.

Desestimar as alegacións presentadas sobre o artigo 41.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Regulamento Municipal Regulador do Servizo de Taxi no Municipio de Redondela, coas modificacións das alegacións aceptadas.

Votación e ditame: A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria e por maioría dos señores asistentes, coa abstención dos señores/as: Vázquez Saco, García Míguez, Rivas Gómez e Blanco Pérez, acorda informar favorablemente a proposta transcrita.

INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO sinala que da proposta da comisión se elimina o último inciso do horario en relación ao apartado 2 do artigo 39 que indica a excepción do horario de 00:00 a 06:00.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que había varios taxistas que propuñan cousas distintas sobre o día de turno no aeroporto e non lle queda clara a proposta definitiva.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que para eles todo o procedemento ten moitas carencias e fai unha crítica ao concelleiro de Interior neste sentido.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que xa cando a aprobación inicial pediron que o asunto quedara sobre a mesa porque había cousas que non estaban claras e agora se chega ao pleno coa mesma problemática. Sinala que o concelleiro se reuniu onte ás oito e media da noite cos afectados e un colectivo de 47 taxistas presentaron un escrito sinalando que están en contra de que os que estean en Peinador recollan a algún usuario no municipio e nembargantes dito escrito non está na documentación do pleno. Indica que ao mellor é máis doado deixalo sobre a mesa e seguir negociando cos taxistas.

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que o regulamento non pode ir en contra do acordo da Xunta e os concellos implicados en relación ao servizo de Peinador no que se sinala que os taxistas que estean no aeroporto non poden prestar servizos no mesmo día nas paradas do resto do Concello, sen facer referencia a ningún outro aspecto. Dí que dito acordo non pode modificarse unilateralmente por parte de Redondela e que no expediente non falta documentación ningunha. Indica que efectivamente tivo unha reunión con representantes dos afectados a fin de que acercaran posturas e eles mesmos entraron en contradicións. Dí que as alegacións deses 47, que en realidade son 45, están no expediente. O que piden é unha excepción con respecto ao horario que non procede pola resolución da Xunta.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que se non se acadou o acordo debía traballarse máis ese tema. Cree que non procede traballar no aeroporto e no resto do Concello aínda que non sexa nas paradas.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o que se vai a votar son as alegacións que se presentaron en orde a establecer o texto definitivo do regulamento. Non lle queda clara a cuestión.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que ao facer reunións a última hora xenera confusión. Enterouse onte de que presentaran un escrito 45 taxistas pedindo que se cambiara parada por Concello.



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que trátase de votar as alegacións. Indica que tivo xuntanzas con diversas asociacións e taxistas aínda que algúns declinaron asistir. Dí que a meirande parte dos taxistas teñen clientes particulares, especialmente empresas, e cando están na quenda do aeroporto seguramente as atenden igual aínda que no regulamento se contemple outra cousa. Sinala que hoxe mesmo lle deron un escrito que se contradi coa alegación presentada aínda que a asinan os mesmos. Sinala que a cuestión está ben madurada.

Neste punto o Alcalde determina que se realice un receso cinco minutos para xuntanza de voceiros.

Reanudada a sesión

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido a votación o Regulamento municipal do servizo de taxi do Concello de Redondela, é aprobado definitivamente por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, eliminando respecto do texto do ditame aprobado no artigo 39.2 a mención “*a excepción do horario de 00:00 a 06:00h.*” e co compromiso do concelleiro de Interior de seguir a tratar a cuestión, tanto co órgano competente da Xunta de Galicia como cos afectados.

5. CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL PARA ESTUDO E SEGUIMIENTO DA ELABORACIÓN DO PXOM DE REDONDELA

ANTECEDENTES

Proposta da alcaldía de data 20/02/2015:

“Téndose adjudicado o contrato de servizos de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Redondela o pasado día 29 de xaneiro de 2015 por acordo do pleno en sesión ordinaria, esta alcaldía considera que para fixar as pautas correspondentes á elaboración e seguimento do citado plan, é convinte, de conformidade co disposto no artigo 124 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado pro Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e o artigo 51 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, a creación dunha Comisión especial para estudo e seguimento da elaboración do PXOM de redondela e a tal efcto, ten a ben propoñer ao plano a constitución da citada comisión cos membros propostos en xuntanza celebrada o día 19 de febreiro de 2015 pola Comisión Informativa de Urbanismo e Infraestruturas, así como designar á secretaria da mesma:

Presidente: D. Javier Bas Corugeira (PP)

Vogais:

- D. Arturo González Barbeiro (PP)
- D. Miguel Ángel Álvarez Ballesteros (PP)
- D.^a María Teresa París Blanco (PP)
- D. Eduardo J. Regueira Ocampo (PsdeG-PSOE)
- D. Luís A. Orge Míguez (PSdeG-PSOE)
- D. Leonardo Cabaleiro Couñago (PsdeG-PSOE)
- Pendente de designar membro polo grupo do BNG
- D. Alfonso Blanco Pérez

Secretaria: D.^a Paloma Meno Rodríguez”

INTERVENCIONS

A concelleira PÉREZ ORGE di que o representante do BNG vai ser o concelleiro González Campo. Espera que empecen a traballar o máis axiña posible.



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro ORGE MIGUEZ di que a día de hoxe, crear esta comisión é aburdo xa que o PP quere facer público que está facendo algo co PXOM cando nos últimos catro anos o único que fixeron foi contratar a un equipo redactor. Indica que de aquí ás eleccións non se vai a facer nada xa que a partir de maio vai cambiar a corporación e haberá que crear outra comisión diferente.

O Alcalde sinala que isto foi un acordo da xunta de portavoces na que decidiron entre as dúas posibilidades que había: facelo pola comisión de urbanismo ou crear unha comisión específica coma esta, non é unha cuestión do equipo de goberno.

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que o prantexamento do señor Orge si que é absurdo xa que a comisión resposta á necesidade prantexada neste intre, coma outras, con independencia de que despois haxa que axustala a outra situación distinta.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que están a favor.

A concelleira PÉREZ ORGE di que non se esperaba o debate sobre este punto e confirma que se tratou na xunta de portavoces aínda que propuxo que fora paritaria con voto ponderado. Considera preciso empezar a sentar criterios sobre este traballo e sinala que os do BNG van a ser os mesmos despois que agora.

O concelleiro ORGE MIGUEZ di que lle parece inoperativo crear unha comisión para tres meses de traballo e podería facer o mesmo a comisión informativa de urbanismo. Considera que ao creala somentes se busca publicidade.

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que se se crea agora e a próxima corporación decide outra cousa, non hai problema. Pensa que é oportuno empezar a traballar nesta cuestión.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes a creación da Comisión Informativa Especial para o estudo e seguemento da elaboración do PXOM de Redondela coa seguinte composición:

Presidente: D. Javier Bas Corugeira (PP)

Vogais:

- D. Arturo González Barbeiro (PP)
- D. Miguel Ángel Álvarez Ballesteros (PP)
- D.^a María Teresa París Blanco (PP)
- D. Eduardo J. Regueira Ocampo (PsdeG-PSOE)
- D. Luís A. Orge Míguez (PSdeG-PSOE)
- D. Leonardo Cabaleiro Couñago (PsdeG-PSOE)
- D. Xoán Carlos González Campo (BNG)
- D. Alfonso Blanco Pérez

Secretaria: D.^a Paloma Meno Rodríguez”

6. CAMBIO DE USO DO PREDIO ONDE SE SITÚA A ANTIGA ESCOLA DE CEDEIRA DE TITULARIDADE MUNICIPAL

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión de Informativa de Urbanismo e Infraestruturas da súa xuntanza de 19/02/2015 que di:

“Por acordo adoptado do Consello parroquial de Cedeira, en sesión celebrada o pasado 5 de novembro, acordou incluír nos orzamentos participativos de 2014 a remodelación da antiga



CONCELLO DE REDONDEIRA

escola de Cedeira, ubicada ao lado da Igrexa, polo importe restante das outras inversións propostas.

Primeiramente, e coa finalidade da realización dalgunha actuación, encargouse a redacción do correspondente proxecto ao arquitecto Carlos Falagan Mota, por importe de 4.598,00 € (IVE engandido).

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data 22 de xaneiro de 2015, no que se solicitaban algunhas correccións polo referido arquitecto autor do proxecto, realizáronse estas co correspondente modificado do proxecto, cun presuposto de execución por contrata de 71.995,00 €.

Á vista do que, propónse a adopción dos seguinte acordos:

Primeiro: Modificar o uso do local inventariado “Antiga Escola de Cedeira”, de solo urbano residencia e adicado a equipamento relixioso por equipamento socio cultural.

Segundo: Tramitar a correspondente autorización sectorial da Consellería de Cultura, por situarse a edificación ao carón da igrexa parroquial de San Andrés de Cedeira, feita segundo planos de Fernando Casas Novoa no ano 1743, coa finalidade de poder realizar as obras de referencia.

Á vista do que, o presidente da Comisión Informativa ten a ben propoñer ao Concello pleno, prestar aprobación á proposta do Consello parroquial de Cedeira.

Votación e ditame:

A Comisión Informativa de Urbanismo e Infraestructuras en votación ordinaria e por maioría dos seus membros presentes, sendo 4 votos a favor do PP e 4 abstencións (3 do PsdeG-PSOE 1 do BNG) estimou oportuno ditaminar favorablemente a presente proposta”

INTERVENCIÓNS

O concelleiro BLANCO PEREZ di que están de acordo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que é un acordo que ven do consello parroquial de Cedeira e amósase satisfeito de cambiar o uso dun edificio público, de relixioso a sociocultural. Pensa que a rehabilitación ten que asumila o Concello cos seus orzamentos e non cos orzamentos participativos.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que están de acordo porque é unha vella aspiración da asociación de veciños de Cedeira. Propón que se recupere o nome tradicional como escola da república.

A concelleira ALONSO ALONSO di que a asociación representa a todos os veciños de Cedeira e non sabe por qué o uso previsto nas normas é o relixioso. Dí que o importe da rehabilitación é moi superior ao montante dos orzamentos participativos. Sinala tamén que unha das posibles alternativas e facela a través dun obradoiro de emprego.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que no consello parroquial se deron unhas cifras e que a concesión do obradoiro podería supor un aforro de cartos.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a iniciativa a tivo a asociación de veciños de Cedeira e cree ao principio non lle gustou nada o tema á concelleira de Facenda. Sinala que este é un dereito histórico dos veciños de Cedeira pero se o edificio é do Concello terá que asumir a súa rehabilitación e establecer despois cómo xestionalo.

A concelleira ALONSO ALONSO di que había problemas e neste intre se trata de cambiar o uso para evitar outros atrancos.

VOTACIÓN E ACORDO



CONCELLO DE REDONDELA

Promovida a votación, o acordo apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo viente e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).

7. RESOLUCIÓN EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DA NATUREZA XURÍDICA DUN TRAMO DO CAMIÑO DOS ESTEIRÓNS OU CAMIÑO DAS SARNES, EN OUTEIRO DAS PENAS, CESANTES

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión de Cultura, Turismo e Patrimonio da súa xuntanza do día 20/02/2015 que di:

“Visto o expediente 1/03 de 2013 tramitado en relación ao asunto de referencia.

Visto o Informe de Secretaría que, transcrito, di: Emítase o presente en cumprimento do preceptuado no artigo 52 do Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño polo que se aprobou o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB) toda vez que dende o 08.05.2014 se ven desenvolvendo a instrucción do expediente administrativo de investigación co obxecto de determinar o carácter demanial ou non dun tramo do camiño dos Esteiróns ou das Sarnes, sito en Outeiro de Penas, Cesantes para os efectos de determinar á procedencia da súa incorporación ao Inventario Municipal de Bens (IMB).

Antecedentes

- 1) Obran no expediente solicitude de CARMEN MIGUEZ CABALEIRO para que se modifique o IMB incluíndo o citado camiño. Á vista do informe do arquitecto municipal do 27.03.2013 e da arquitecta técnica municipal do 09.05.2013 acórdase polo Alcalde, mediante resolución do 15.05.2013, incoar expediente administrativo de investigación co obxecto de determinar o carácter demanial do tramo do camiño en cuestión.
- 2) O expediente desenvolveuse consonte co establecido no RB, publicándose a tal efecto un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios para os efectos de presentación de alegacións por parte dos interesados e notificándoselles particularmente aos propietarios.
- 3) Non se abriu período de proba aínda que sí se incorporaron ao expediente os documentos aportados polo interesado e propietarios colindantes.

Lexislación aplicable

- Os artigos 339 e 344 do Código Civil.
- Os artigos 4 e 68 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local publicada no BOE do 3 de abril e modificada pola lei 11/1999 de 21 de abril e pola lei 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local. (LBRL)
- Os artigos 220.1 e 221 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), publicado no BOE do 22 de decembro.
- O artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), publicado no BOE do 22 e 23 de abril.
- O artigo 264 da Lei 5/97 de xullo da Administración Local de Galicia (LALGA), publicada no DOG do 5 de agosto.



CONCELLO DE REDONDEIRA

- O Real Decreto Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño polo que se aprobou o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB), publicado no BOE nº161 de 7 de xullo.
- A Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, (LPAP) publicada no BOE do 4 de novembro.

Conclusiones

1. O informe da arquitecta técnica municipal sinala:

Feita visita de inspección ao lugar con data 19.04.2013 comprobei que, tras o citado camiño municipal grafado no plano núm. 6 do IMB, o camiño continúa nas mesmas condicións (pavimentado, delimitado, cunha largura mínima de 3,85 m, con tendido eléctrico, alumeadado público, abastecemento e rede de saneamento municipal) nun tramo duns 50 m ata rematar nunhas leiras. O acceso ao citado tramo é libre e pode ser utilizado por todo o público, tanto andando como en coche. A totalidade do camiño, salvo os últimos 10 m, ven recollido na cartografía catastral. Consonte ao exposto e a xuízo desta técnica, cómpre proceder á apertura dun expediente de investigación coa fin de recoller o tramo final do citado camiño duns 50m de lonxitude (que é continuación do xa inventariado) no IMB.

2. Tras obter a relación de propietarios colindantes co citado camiño, recabouse dos mesmos a presentación dos títulos de propiedade, resultando o seguinte:

a) CARMEN MÍGUEZ CABALEIRO presenta escritura de agrupación do ano 1991 referida á finca identificada co nº 4 no expediente, da que resulta que linda polo leste con “camiño”.

b) RAMONA PEREZ MARTINEZ presenta documentación do ano 2010 na que figura que a súa finca, identificada co nº 6 no expediente, da que resulta que linda polo Leste co “camiño sen asfaltar”.

c) MAGDALENA RAMONÉ OTERO presenta documentación do ano 2001 referida a súa finca identificada co nº 5 no expediente, da que resulta que linda polo Oeste con “en parte, sendero”.

d) HORTENSIA PÉREZ NOVELLE presenta documentación do ano 1999 na que figura que a súa finca, identificada co nº 2 no expediente, da que resulta que linda polo oeste con “camiño”.

e) M^a JOSEFA FONTAN RAMONA PEREZ MARTINEZ presenta documentación do ano 2010 na que figura que a súa finca, identificada co nº 1 no expediente, da que resulta que linda polo Leste con “camiño”.

3. De todo o que antecede, a asinante conclúe que existen evidencias suficientes que determinan a natureza xurídica demanial do tramo non inventariado do citado camiño, polo que procede a súa alta como tal no IMB.

4. Complementariamente, cómpre sinalar que é a xurisdicción ordinaria a competente para dirimir este tipo de cuestións. Tal e como reiteradamente ten declarado a xurisprudencia (Sentencias do TS, entre outras, de 23 enero 1990, 15 octubre 1997 y 1 abril 1998, entre outras) a inclusión do ben no IMB ten carácter meramente declarativo respecto da posesión dado que non define nin o “ius possessiois” nin o “ius possidendi” é dicir, o dereito a poseer ou o dereito de propiedade que somentes os tribunais poden recoñecer ou declarar unha vez exercitadas as accións civís correspondentes, dado que o inventario é un mero rexistro administrativo que por si só nin proba nin crea nin constitúe dereito algún a favor da corporación, sendo máis ben un libro que serve, respecto dos seus bens, de recordatorio constante para que corporación exercite oportunamente as facultades que lle corresponden (sentencia do TS do 9 de xuño de 1978).

Xa que logo e á vista do que antecede teño a ben sinalar que aos efectos da resolución do expediente debe actuarse de conformidade co artigo 52 do RB polo que, previamente á mesma,



CONCELLO DE REDONDELA

debe porse de manifesto por término de dez días ás personas a quen afecte e compareceran no mesmo para que poidan alegar o que crean convinte ao seu dereito. A partir de ahí e previa incorporación ao expediente dos informes que se estimen necesarios para mellor proceder e, no seu caso, o ditame da comisión informativa correspondente, adoptarase o acordo pertinente polo pleno do Concello, notificándose a tódolos interesados aos efectos oportunos”.

Considerando que en dito trámite de audiencia non se formulou por parte dos interesados no expediente ningunha alegación

Teño a ben formular a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN para a súa adopción , se procede, polo pleno do Concello, ao abeiro do artigo 34 do RB, previo ditame preceptivo por parte da comisión informaiva:

Resolver o expediente de investigación iniciado por Resolución da Alcaldía do 15 de maio de 2013 incluíndo no Inventario Municipal de Bens o tramo do camiño dos Esteiróns ou camiño das Sarnes, sito en Outeiro de Penas, Cesantes, obxecto do expediente. Adoptado acordo polo pleno do Concello, procederase á súa incorporación formal ao IMB, co plano e taxación correspondente que deberá elaborarse polos técnicos municipais.

Votación e ditame: Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Cultura, Turismo e Patrimonio, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as concelleiros/as, sendo 4 votos a favor do PP e 5 abstencións (3 PsdeG-PSOE+1 do BNG+1 de AER) ditaminou favorablemente a proposta transcrita.”

VOTACIÓN E ACORDO

Promovida a votación, apróbbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo viente e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) a inclusión no Inventario Municipal de Bens o tramo do camiño dos Esteiróns ou camiño das Sarnes, sito en Outeiro de Penas, Cesantes.

8. RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR AQUALIA UTE NO EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL 05/2014

ANTECEDENTES

Ditamen da Comisión Informativa de Cultura, Turismo e Patrimonio da súa sesión de 20/02/2015 que di:

“Visto o recurso presentado por Aqualia UTE, entidade concesionaria do servizo de auga e abastecemento do Concello de Redondela, contra o acordo do pleno do Concello do 27.11.2014 resolvendo o expediente de responsabilidade patrimonial 05/2014 en virtude do cal debería indemnizar a IVAN JOSE CASAL RIVADULLA con 257,92 € mailos xuros correspondentes dende o 17.02.2013.

Visto o informe emitido ao efecto pola secretaria do Concello que, transcrito, dí:

I. Antecedentes

a) IVAN JOSE CASAL RIBADULLA formulou reclamación de responsabilidade patrimonial de 257,92 € polos danos que presuntamente resultaron no vehículo 0734BKY ao impactar cunha tapa de sumidoiro que sobresaía do chan o 04.01.2014 na baixada de Cidadelle, na súa intersección coa estrada nacional 550 sobre as 04:10 horas.

b) O acordo agora recurrido determinou que a responsabilidade polos danos que deron lugar á reclamación correspondía a Aqualia UTE, entidade concesionaria do servizo de auga e abastecemento do Concello de Redondela quen debería indemnizar ao reclamante con 257,92 € mailos xuros correspondentes dende o 17.02.2013.



CONCELLO DE REDONDELA

c) Do recurso deuse coñecemento aos interesados no expediente ao abeiro do preceptuado no artigo 112.2 da LRXAP formulándose alegacións por parte do reclamante.

II. Lexislación aplicable

Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP)

Artigo 161 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño aprobando Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRCAP) de aplicación por mor do preceptuado na disposición transitoria primeira do Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLC)

III. Consideracións xurídicas

1. O recurso da por reproducidas as alegacións formuladas no expediente e alega novamente a concurrencia de causa de forza maior polas intensas choivas caídas na data indicada. A tal efecto presenta unha documentación comprensiva de informacións aparecidas nos medios informativos e unha nota informativa sobre las tempestades ciclónicas atípicas de carácter localizado producidas en la segunda mitad de diciembre y primera semana de 2014 emitida, al parecer, por el consorcio de compensación de seguros y que afecta, al parecer, al termino municipal de Redondela. Nembargantes dita documentación refírese básicamente a temporal de vento, olas no litoral e choiva fortes localizadas en determinados puntos sen que se desvirtuen os basamentos da imputación de responsabilidade tendo en conta que non quedou acreditado que o día indicado se produxeran intensas choivas que anegaron a práctica totalidade do municipio de Redondela, tal e como aduciu a concesionaria no expediente.

2. Por outra banda, a concesionaria reitera o seu criterio de que os seus deberes non van máis aló do mantemento e conservación da infraestrutura afecta ao servizo. Nembargantes o pronunciamento do pleno do Concello foi claro e explícito, establecedendo a non concurrencia de circunstancias que exoneran a súa responsabilidade e permiten a súa derivación á concesionaria, por mor da normativa de aplicación, profusamente relacionada ao longo do expediente.

3. Así, na proposta de resolución xa se indicaba que na sentenza do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Vigo no procedemento abreviado 96/2009 no que foi parte este Concello se declaraba que la concesión concernía a una prestación integral del servicio de aguas, de modo que la concesionaria tenía la obligación de conservar en todo momento el buen funcionamiento de la red. Partiendo de esta premisa, la UT demandante sólo podía exonerarse de responsabilidad si demostrase que los daños tuvieron su origen en un vicio del proyecto (en este caso el pliego de cláusulas administrativas) o en una orden emanada del concedente. Y esa prueba no se ha logrado.

4. No trámite de alegacións, o reclamante solicita que o Concello asuma proceda ao pagamento da indemnización, cuestión agora extemporánea, posto que non recurriu en tempo e forma o acordo do pleno do Concello adoptado ao respecto o 27.11.2014.

5. Así as cousas, no recurso non se aportan elementos que determinen a reconsideración neste intre do acordo recurrido xa que co mesmo o Concello de Redondela da cumprimento ao previsto no artigo 161 c) TRCAP do a Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP) en concordancia cos artigos 121.1 e 123 da Lei 16/12/1954 sobre Expropiación Forzosa e 137 do seu Regulamento dispoñendo que, en relación aos posibles danos causados pola acción ou omisión das operacións que requira o desenrolo do servizo polos concesionarios, os terceiros poderán requerir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes lle corresponde a responsabilidade polos danos (artigo 97.3 TRCAP).



CONCELLO DE REDONDELA

6. O recurso de reposición, ao abeiro do previsto no artigo 117 da LRXAP deberá resolverse e notificarse no prazo de un mes polo mesmo órgano que dictou a resolución recurrida, é dicir, o pleno do Concello.

IV. Conclusións

É polo que antecede que a asinante considera axustada a dereito a resolución recurrida procedendo o rexeitamento do recurso aos efectos oportunos.

Teño a ben PROPOR ao pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa de Patrimonio a adopción do acordo de rexeitar o recurso de reposición formulado por Aqualia UTE contra o acordo adoptado polo pleno do Concello o 27.11.2014 resolvendo o expediente de reclamación patrimonial 05/2014.

Votación e ditame: A Comisión Informativa de Turismo, Cultura e Patrimonio, por unanimidade de todos/as Sres./as concelleiros/as, dictaminou favorablemente a proposta transcrita.

VOTACIÓN E ACORDO

Promovida a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo viente e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) rexeitar o recurso de reposición formulado por Aqualia UTE contra o acordo adoptado polo pleno do Concello o 27.11.2014 resolvendo o expediente de reclamación patrimonial 05/2014.

9. ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO:

9.1 DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións de alcaldía dende o día 20 de xaneiro ao 16 de febreiro de 2015.

O pleno do Concello queda informado.

9.2 MOCIÓNS

9.2.1 e 9.2.2 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE E MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O ACCESO AO TRATAMENTO DE ÚLTIMA XERACIÓN PARA AS PERSOAS DOENTES DE HEPATITE C

O alcalde dispón que o debate das dúas mocións se faga conxunto aínda que a votación sexa separada.

Previamente á lectura das mocións e por parte de dúas representantes da plataforma de afectados deuse lectura a un manifesto sobre a cuestión.

ANTECEDENTES

Moción presentada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE o día 20/02/2015 con número de rexistro xeral de entrada 2015001956 que di:

“A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública calculándose, en cifras do Ministerio de Sanidad, Igualdad y Asuntos Sociales, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado.

Ata recentemente os medios de tratamento dispoñibles producían altas taxas de fracaso terapéutico, ademais de ter unha elevada toxicidade e efectos secundarios graves, dándose ademais numerosos casos de doentes que non podían someterse a elas por intolerancia a algún dos fármacos empregados.



CONCELLO DE REDONDELA

Como consecuencia, na actualidade en Galicia hai unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes estadios de evolución da Hepatite C que non están sendo tratados, e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático.

Esta situación veuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi a aprobación do Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC, pola axencia europea do medicamento (EMA) a principios do ano 2014. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección General de Farmacia y Productos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014 a daquela Ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que os médicos o puidesen prescribir a aqueles doentes que o precisen, engadindo que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Precios de los Medicamentos, e que “en outubro podrán disponer los médicos de ese medicamento en toda España, para aplicarlo a los pacientes que lo necesiten”.

Desde aquela hai elaborado un Protocolo de Posicionamento Terapéutico e un Documento de Priorización que están sendo aplicados no caso de Galicia pola subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellería de Sanidade.

A día de hoxe succédense as declaracións públicas dos hepatólogos a través da Asociación Española para el Estudio del Hígado reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes a aplicar no territorio do estado nun mínimo de 30.000 para o ano en curso.

Por outra parte, a inquietude e as queixas dos doentes de hepatite C, particularmente dos post-transplantados non negativizados e dos que se atopan en fase cirrótica (F4) van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non é contemplada dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican de para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos seus hepatólogos, unha vez determinado que cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos nas Instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria, son rexeitados ou non contestados.

Por estes motivos o Pleno do Concello de Redondela insta:

1- Ao Goberno de España a garantir que o acceso ás novas terapias para os doentes de Hepatite C que o precisan se produza de acordo co criterio dos médicos especialistas que os atenden en cada caso, dispoñendo todos os recursos que sexan precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para el Estudio del Hígado, cifrados por esta nun mínimo de 30.000 para o ano en curso, na súa recente reunión co Ministerio de Sanidad, Igualdad y Asuntos Sociales.

2- Ao goberno da Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lles sexa prescrita polos seus médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición e sen máis requisito que esa prescrición facultativa”

Moción presentada polo grupo municipal do PP o día 20/02/2015 con número 2015001956 que di:

“Dende o Grupo Municipal do Partido Popular de Redondela, somos conscientes do grave problema que teñen nestes intres os enfermos de Hepatite C xa que ata o de agora os medicamentos cos que afrontaban estadios avanzados da súa enfermidade, producían altas taxas de fracaso, ademais de producir unha alta toxicidade e os graves efectos secundarios.



CONCELLO DE REDONDELA

Agora coa aprobación recente dun novo fármaco, o Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC, pola axencia europea do medicamento e que dende o 5 de marzo de 2014 foi comercializado en España, ábrese un novo horizonte para as persoas que padecen esta doenza.

Tendo en conta que o Ministerio de Sanidade, trala reunión mantida con representantes da Asociación Española para o Estudio do Fígado (AEEH), comprometéuse a traballar na actualización da guía de priorización de pacientes, e a introducir o uso dos novos tratamentos aprobados recentemente pola “Comisión Interministerial de Precios” e outros que sexan aprobados posteriormente, creemos necesario axilizar o compromiso dos gobernos central e autonómico de cara a solucionar a problemática xurdida nos últimos meses en torno ás dificultades de acceso aos novos medicamentos por parte de doentes afectados de Hepatite C.

Sendo esta doenza motivo de fonda preocupación para moitas familias da nosa Comunidade, e ante a expectativa de que os afectados obteñan unha mellor calidade de vida, é necesario recabar un compromiso máis visible das administracións implicadas, polo que o Grupo Municipal do Partido Popular de Redondela insta ó Pleno do Concello á aprobación dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Instar ó Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, a que lidere, axilice e garante as negociacións necesarias para que novos tratamentos de última xeración sexan incluídos no catálogo de terapias e medicamentos do sistema público e a un precio razoable e sexan accesibles canto antes para as persoas doentes de Hepatite C.

Segundo.- Instar ó Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, a que axilice a elaboración do Borrador do Plan Estratéxico Nacional para a Hepatite C, en colaboración con todas as Comunidades Autónomas, de cara a elaborar con prontitude un cadro de rexistro de doentes.

Terceiro.- Instar ó Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad a que a revisión e actualización dos protocolos e criterios de tratamento, se faga sempre en colaboración e oíndo a opinión dos expertos científicos, respetando os consellos dos diferentes colexios profesionais de medicina e farmacia e pondo coma obxectivo final á saúde das persoas.

Cuarto.- Instar a Consellería de Sanidade a que garante o acceso das persoas os, actuais fármacos, e no futuro cos que podan irse incorporando ó noso sistema público, con equidade e homoxeneidade, e a aplicar cantas medidas sexan aprobadas polo Plan Estratéxico Nacional para a Hepatite C en beneficio dos milleiros de galegos e galegas que están infectados con este virus.”

INTERVENCIÓNS

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que a moción do PP debe ser retirada porque foi presentada o 20 de febreiro e a do PSOE, consensuada coa plataforma, o 26 de xaneiro.

O alcalde sinala que explicarán os motivos da súa presentación e non a retiran.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que o PP presenta neste pleno unha moción cando xa estaba presentada outra por outro partido. A eles co gallo da moción sobre a pesca do xeito, chamáronlles oportunistas. Non lles parece ben que fagan campaña a costa dos afectados por esta enfermidade.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o BNG fixo seu o documento da plataforma que se reflicte na moción do partido socialista. Considera que é un feito triste que os propios afectados teñan que saír á rua para reclamar os seus dereitos xa que é un problema de saúde pública, con respecto á cal o PP está facendo unha dexación de funcións. Estima que os gobernos poden presionar ás farmacéuticas para rebaixar os custes do tratamento e cualifica de vergonza a moción que presenta o PP, en contra do que votou no parlamento galego. Pide que retiren a moción e apoiem a da plataforma.



CONCELLO DE REDONDELA

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que é unha vergonza o que trouxo o PP ao pleno e pregunta se consensuaron con alguén os acordos que propoñen. Refírese ás mentiras do PP ao respecto da cuestión xa que actualmente o fármaco está a chegar somentes a unha pequena parte dos doentes. Pide que se de verdade lles interesa, voten a favor da súa moción.

A concelleira PARIS BLANCO di que eles teñen dereito a presentar a moción como os demais e que van a apoiar a moción do partido socialista. Entenden a loita dos afectados e cando se presentou a moción tiveron claro apoiala e facer aínda algo máis para reforzala.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que en España morren diariamente entre 10 ou 12 persoas por esta causa e que os enfermos están na mesma situación noutras comunidades gobernadas polo PP. Sinala que deberían acadarse solucións alternativas que están nos tratados internacionais e salienta a maldade de ensinar a cura e non deixar aos doentes acceder a ela.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que as mensaxes do PP son sempre as mesmas, que van a solucionar o problema pero dita solución non chega aos doentes que ven peligrar a súa vida coa dexación dos gobernos. Apoian exclusivamente a moción do partido socialista xa que a outra parécelles oportunista e electoralista.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que o PP debería participar en serio e non facéndose publicidade. Pide que as cousas se fagan xa e se acaben as trabas burocráticas porque cada día de máis para os afectados é un suplicio. Insiste en pedir ao PP que retire a súa moción.

A concelleira PARIS BLANCO di que apoian a moción do partido socialista e defenden tamén a súa. Sinala que é importante negociar coas empresas farmacéuticas e que se revisen os protocolos adaptándoos aos fármacos novos e cun criterio homoxéneo. Abogan polo apoio aos afectados e por que se lles dea canto antes o tratamento.

VOTACIÓN E ACORDO

A moción PsdeGPSOE sométese a votación, resultando aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSOE, 2 do BNG e 1 de AER)

Promovida a votación da moción presentada polo do PP, rexéitase por once votos en contra (8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) e dez votos a favor (10 do PP)

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que votan en contra por respecto á plataforma.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que trouxeron a moción da plataforma e considera que a moción do PP é electoralista.

Neste punto, polo Alcalde decídese facer un descanso, reanudándose a sesión ás 22:55 h.

9.2.3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA AP-9

ANTECEDENTES

Moción do PsdeG-PSOE presentada o día 24/01/2015 co número de rexistro xeral de entrada 2015000782 que di:

“O pasado mes de xullo este pleno aprobou unha moción do PsdeG-PSOE de Redondela que constaba de catro puntos que instaban ao goberno de España á creación dunha comisión de seguimento, a manter a liña de edificación actual, a eliminar o paso a nivel de Cabanas e a aclarar o futuro do CEIP Igrexa.

Lonxe de solucionar estes problemas, o goberno de España, a través do Ministerio de Fomento, que dirixe Ana Pastor, Audasa, a empresa concesionaria da autoestrada, continuaron a



CONCELLO DE REDONDELA

tramitación da ampliación da ponte de Rande. O pasado mes de decembro adxudicaron a obra a unha unión temporal de ACS e Puntos Infraestructuras.

Como e habitual, a adxudicación conleva unha serie de melloras no proxecto que descoñecemos os grupos políticos dende Concello e tamén os veciños da parroquia, igual que todos os avances e cambios dos últimos meses porque o goberno municipal.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO:

Instar ao alcalde de Redondela a creación, coa maior brevidade posible, da comisión de seguemento das obras de ampliación da AP-9, solicitada pola Asociación de Afectados da AP-9 nunha xuntanza con representantes do Ministerio de Fomento e con representantes do goberno municipal o día 10/09/2014 e que se inclúa ademais dos técnicos do Concello, a representantes da plataforma de afectados, a técnicos de Audasa, a representantes do Ministerio de Fomento e unha representación de tódolos grupos políticos que foman parte da corporación municipal.

INTERVENCIÓNS

O concelleiro BLANCO PEREZ di que están de acordo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que sempre estiveron en contra desta obra. Consideran que esta proposta debe pasar antes polo Consello Parroquial de Chapela.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que as obras comenzan mañán e non consideran axeitado dilatar máis a constitución da comisión aínda que despois poida debaterse no Consello Parroquial.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que eles tamén están en contra da ampliación da AP9 e que a puñalada veu no 2011 e non do PP. Di que a moción chega a destempo porque isto era unha demanda da asociación de afectados dende o 25 de febreiro do 2013. Di que tiveron bastantes xuntanzas con eles e que tamén se tratou do tema no consello parroquial.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o 31 de xullo xa se acordara polo pleno instar a Fomento a crear esta comisión de seguemento. Di que nesas xuntanzas das que fala o concelleiro non estaba a oposición e tiveron que enterarse pola prensa a pesares de que no pleno do mes pasado o PP presentou unha moción sobre a transparencia.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que non é de recibo seguir discutindo sobre o tema estando todos de acordo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que as xuntanzas das que fala o concelleiro do PP que é tamén presidente do consello parroquial de Chapela non teñen nada que ver coa comisión de seguemento. Insiste en que a decisión se tome en dito consello parroquial.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS insiste en que o goberno tivo moitas xuntanzas coa asociación de afectados e aínda que se levou o tema ao consello parroquial estima que son os afectados os primeiros interesados.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que na última xuntanza que tiveron cos afectados dixeron que a comisión estaba feita cousa que non era certa porque o goberno lles enganara.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a moción a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).

9.2.4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE AER SOBRE O REGULAMENTO DAS ASIGNACIÓNS OU SUBVENCIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS DO PLENO.

ANTECEDENTES



CONCELLO DE REDONDELA

O PP reformou recentemente a Lei de Racionalidade e Sustentabilidade da Administración Local. Con esta reforma preténdese mellorar o control económico-financeiro nos municipios, facéndoo máis rigoroso e reforzando o papel da función interventora. Así mesmo, a exposición de motivos desta lexislación sinala que se pretende unha maior transparencia na información económico-financeira das entidades locais. Con todo, non modifica a insuficiente regulación actual das asignacións económicas aos grupos municipais, que segue quedando a decisión do pleno municipal.

Como é coñecido, actualmente os grupos políticos electos a nivel local teñen dereito a unha asignación económica en función da representatividade outorgada nas urnas. Esta asignación, ou axuda, debería establecer claramente o gasto ao que se pode destinar esa axuda económica, a forma e prazos de xustificación, e mesmo a devolución dos cartos non gastados para as finalidades específicas. A precaria redacción desta normativa é incoherente coa reiterada demanda de establecer bases obxectivas e claras en tódolos procedementos de concesión de axudas ou subvencións con recursos públicos a entidades, colectivos, asociacións ou particulares.

Por estes motivos, e observando un baleiro importante neste senso, propoñemos os seguintes ACORDOS:

1. Establecemento dun regulamento sobre as asignacións aos grupos políticos con representación no pleno.
2. Establecemento do procedemento para fiscalizar as contas derivadas desas asignacións aos grupos políticos electos.
3. Presentación anual das contas relacionadas cos gastos obxecto das asignacións aos grupos políticos.

INTERVENCIÓNS

A concelleira PÉREZ ORGE di que non está de acordo co cambio da orde acordada polo alcalde con respecto aos asuntos do pleno. Cualifica a moción de electoralista, porque hai catro anos que os grupos están a cobrar as asignacións e non lle parece de recibo que se faga o regulamento con este carácter que xa vai afectar á nova corporación. Considera lóxico que o punto fora elaborar un regulamento e incluír o resto das cuestións que recolle a proposta dentro do regulamento e que sexa a próxima corporación a que se encargue disto. Di que o BNG non ten ningún problema porque as súas contas están claras.

O concelleiro ORGE MIGUEZ di que é necesario establecer un regulamento a partir dun borrador de traballo que saia dos servizos xurídicos do Concello. Están de acordo coa proposta do BNG.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que están de acordo no punto 1 e o resto dos puntos poderían ser tratados a partir do primeiro.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que entón debería votarse por puntos. Sinala que ata o de agora non se pediron as contas e considera doado que se presenten antes do remate da lexislatura. Indica que eles sí teñen publicadas as contas. Considera que a xente debe saber en qué gastan o diñeiro os diferentes grupos.

A concelleira PÉREZ ORGE di que non teñen ningún problema en presentar as contas pero propoñen unha redacción: establecer o primeiro punto sobre a redacción dun regulamento no que se regulen, entre outros, os seguintes aspectos: ahí incluíriáanse os demáis. Parécelle máis lóxico.

O concelleiro ORGE MIGUEZ di que están de acordo con independencia de que se cree unha comisión específica ou se faga nunha xa existente. Propón que se faga un borrador con estes criterios e que se vote separado o punto primeiro dos demáis:



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro BLANCO PEREZ di que están de acordo con dito plantexamento. Rexeita a cualificación de electoralista porque estiman que se debe facer.

VOTACIÓN E ACORDO

Tras o debate, a proposta da moción queda redactado do seguinte xeito:

“Redactar un regulamento sobre as asignacións aos grupos políticos con representación no pleno que, inclúa, entre outras cuestións, as seguintes: establecemento do procedemento para fiscalizar as contas derivadas desas asignacións, presentación anual das contas relacionadas cos gastos obxecto das asignacións aos grupos políticos,etc”

Promovida a votación da moción coa nova redacción, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e nove minutos, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-